

inicio do seu ano de implantación de acordo co calendario do punto 1 desta disposición ou desde o momento da súa solicitude de recoñecemento polo interesado, se esta é posterior a esa data.

3. Transcorridos os primeiros tres anos de aplicación progresiva da lei, o Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia realizará unha avaliación dos seus resultados, propoñendo as modificacións na implantación do sistema que, de ser o caso, considere procedentes.

4. Na avaliación dos resultados a que se refire o punto anterior efectuarase informe de impacto de xénero sobre o desenvolvemento da lei.

Disposición derradeira segunda. *Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.*

No prazo máximo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei, deberase constituír o Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia regulado no artigo 8.

Disposición derradeira terceira. *Comité Consultivo.*

No prazo máximo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei, deberase constituír o Comité Consultivo do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia regulado no artigo 40.

Disposición derradeira cuarta. *Marco de cooperación interadministrativa para o desenvolvemento da lei.*

No prazo máximo de tres meses desde a súa constitución, o Consello Territorial do sistema acordará o marco de cooperación interadministrativa para o desenvolvemento da lei previsto no artigo 10, así como o calendario para o desenvolvemento das previsións contidas nesta lei.

Disposición derradeira quinta. *Desenvolvemento regulamentario.*

No prazo máximo de tres meses tras a constitución do Consello, e de conformidade cos correspondentes acordos do Consello Territorial do sistema, aprobarase a intensidade de protección dos servizos previstos de acordo cos artigos 10.3 e 15, así como o baremo para a valoración do grao e niveis de dependencia previstos nos artigos 26 e 27.

Disposición derradeira sexta. *Informe anual.*

1. O Goberno deberá informar as Cortes anualmente da execución das previsións contidas nesta lei.

2. O dito informe incorporará a memoria do Consello Territorial e o ditame dos órganos consultivos.

Disposición derradeira sétima. *Habilitación normativa.*

Facúltase o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución desta lei.

Disposición derradeira oitava. *Fundamento constitucional.*

Esta lei dítase ao abeiro da competencia exclusiva do Estado para regular as condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e o cumprimento dos deberes constitucionais, conforme o artigo 149.1.1.ª da Constitución.

Disposición derradeira novena. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o primeiro día do mes seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 14 de decembro de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

21991 LEI 40/2006, do 14 de decembro, do Estatuto da cidadanía española no exterior. («BOE» 299, do 15-12-2006.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

1. A emigración española constituíu un fenómeno político, social e económico que caracterizou a nosa historia, acentuándose desde a segunda metade do século XIX ata máis alá de mediados do século XX.

2. As primeiras leis sobre a emigración, que datan de 1907 e 1924, naceron co simple obxectivo de proclamar a liberdade de emigración e de propiciar os desprazamentos dos españois ao estranxeiro, sen que se establecesen medidas específicas de protección unha vez instalados no país de acollida.

3. Durante os séculos XIX e XX, en diversos períodos, producíronse vagas de exiliados políticos de distintas orientacións e signos; así mesmo, como consecuencia da Guerra Civil española e da ditadura, a partir de 1939 comeza a producirse un éxodo de refuxiados políticos e unha emigración de carácter económico a outros países, motivada polas duras circunstancias da posguerra que se viven en España, e atraída polas boas perspectivas de traballo e o maior nivel de vida derivado do crecemento económico existente neses países.

O exilio, como consecuencia da Guerra Civil española e a ditadura, significou, sen dúbida, unha perda para o desenvolvemento económico, cultural e social de España. En sentido inverso, os países que acolleron os refuxiados españois puidéronse beneficiar coa formación académica, científica e profesional dos exiliados.

4. A Lei 93/1960, do 22 de decembro, de bases de ordenación da emigración e o Decreto lei 1000/1962, do 3 de maio, que aproba o texto articulado desta lei, elaborados durante o réxime de ditadura, ignoran a existencia de centos de miles de exiliados en Europa e Iberoamérica, aínda que é certo que marcan un cambio de criterio no enfoque da corrente migratoria.

5. As razóns deste cambio obedecen á vontade de regular a emigración da poboación española e, ao mesmo tempo, impulsala. A resultas disto, manterase cun crecemento constante, ata 1967, aquel fenómeno

migratorio –fundamentalmente dirixido cara aos países europeos máis desenvolvidos–, que se comezara a producir cara a 1959.

6. Os factores que determinan este desprazamento masivo de traballadores ao exterior en pleno réxime franquista son, por unha parte, o notable incremento demográfico de España que provoca un excedente de man de obra que as estruturas económicas, baseadas nunha economía rural e de escasa industrialización non poden absorber e, por outra, a expansión industrial e o crecemento económico dos países europeos.

7. A emigración da década dos anos sesenta, así como a das décadas anteriores, tivo efectos beneficiosos, tanto para o traballador, que tiña a posibilidade de obter un emprego mellor remunerado e de mellorar a súa cualificación profesional e as súas condicións de vida, como para o crecemento económico de España, xa que a entrada de divisas enviadas polos emigrantes permitiu sufragar parte do déficit comercial e equilibrar a balanza de pagamentos, facilitando as importacións de bens de equipamento destinados á modernización das empresas. Esta situación contribuíu en gran medida á expansión industrial de España nos anos sesenta e setenta.

8. De forma paralela a estes efectos beneficiosos, a realidade da emigración e do exilio exige pór tamén de relevo as consecuencias negativas para os traballadores emigrantes, os exiliados e as súas familias derivadas do desarraigamento social e cultural de España, consecuencia política do réxime franquista xurdido da Guerra Civil, das dificultades de inserción social e laboral no país de acollida e dos problemas que debían de abordar no seu proxecto de retornar a España e, nalgúns casos, da represión política sufrida no país de acollida.

9. Mención especial cabe facer das mulleres que tiveron que emigrar, case sempre no contexto dun traslado familiar, padecendo a dobre xornada de traballo doméstico e do traballo fóra da casa. Á discriminación de xénero, uníase a vulnerabilidade da muller emigrada que estaba fóra do seu país.

Son varias as xeracións de mulleres que viviron a parte máis difícil da emigración ou do retorno e para as que o tempo do cambio social parecera ter chegado demasiado tarde. Por isto, necesitan dunha atención especial e reforzada que compense o desequilibrio vivido e que lles permita –xunto coas máis novas– a incorporación e o desfrute pleno dos dereitos que propician as reformas lexislativas a favor da igualdade que se producen en España.

10. A última lei en materia de emigración foi a Lei 33/1971, do 21 de xullo, que, aínda que continúa orientada ao fomento da emigración e mantén o silencio sobre o exilio, introduce a novidade de poder acollerse a plans, operacións e programas para facilitar o desprazamento e o acceso ao emprego no país de acollida. Esta lei introduciu, igualmente, axudas de carácter social, educativo e cultural, así como medidas dirixidas á formación profesional e integración laboral tanto para os emigrantes, como para os retornados.

11. Xunto ás actuacións desenvolvidas desde o ámbito público, débese destacar o importante papel desempeñado polos centros e asociacións de emigrantes, en ocasións corrector da carencia pública. O movemento asociativo, creado polos españois nos países de acollida, co obxectivo fundamental da asistencia e socorro mutuo, constitúe hoxe en día un instrumento vertebrador das comunidades de españois no exterior, imprescindible para canalizar e materializar as actuacións de apoio e atención desenvolvidas polas distintas administracións públicas a favor dos españois no exterior e dos retornados.

En 1993 publícase o Real decreto 728/1993, polo que se establecen as pensións asistenciais por anciandade a

prol dos emigrantes españois: trátase da medida de maior alcance na protección dos españois que viven fóra de España, que lles garante aos maiores españois do exterior o mesmo nivel de vida do que desfrutaban os residentes no noso país.

12. Ademais desta breve recensión sobre a evolución da emigración española e o seu reflexo nas distintas normas legais, cabe engadir, por último, que a partir de finais da década dos setenta –coa chegada da democracia–, se comeza a producir un fenómeno de signo contrario ao da emigración: o regreso ou retorno dos españois emigrantes e as súas familias ao noso país, debido, en gran medida, á recesión económica que sofre Europa nos anos setenta, así como á crise económica que atravesan determinados países de Iberoamérica. A pesar de que este proceso ten lugar nun contexto económico favorable para España, non se adoptaron as medidas necesarias para atender integralmente este retorno.

13. A emigración conta cunha longa tradición en materia de órganos colexiados de participación. Desde que en 1888 se crearon as chamadas xuntas de emigración ata que en 1987 se instituíron as actuais canles de participación institucional dos españois residentes no estranxeiro, durante todo o período, case ininterrompidamente, configuráronse diferentes órganos de participación en materia emigratoria, de diversa natureza, funcións e composición.

A participación institucionalizada en materia de emigración canalizouse en primeiro termo a través da constitución de canles en dous niveis: o local, dentro de España, coa denominación de «Xuntas de Emigración» establecidas nas provincias españolas do litoral, máis tarde chamados «Padroados Locais de Emigración» ou, no exterior, no ámbito das demarcacións consulares, os «Padroados de Emigrados Españóis», e posteriormente «Xuntas Consulares de Emigración»; o nacional, con participación dos diversos departamentos con competencia na materia, das institucións e dos emigrantes, con denominacións como «Consello Superior da Emigración», «Xunta Central da Emigración» ou, en época máis recente, «Consello do Instituto Español de Emigración».

Na actualidade, e desde 1987, encóntranse constituídos os Consellos de Residentes Españóis, con membros elixidos polos emigrantes, en determinadas demarcacións consulares, e o Consello Xeral da Emigración con participación da Administración central e autonómica, dos emigrantes, elixidos polos consellos de residentes, e das organizacións sindicais e empresariais.

II

1. Na actualidade encontrámonos cun feito incuestionable, herdanza en gran parte da nosa emigración e do noso exilio, que supón a existencia de arredor dun millón e medio de españois e os seus descendentes que residen fóra do territorio español, o que constitúe un valor en si mesmo que confirma a presenza de España alén das súas fronteiras. Estes españois, pola súa condición e características peculiares, exixen un tratamento específico por parte do Estado que permita, en cumprimento do artigo 14 da Constitución española de 1978, garantirles aos españois residentes no exterior o exercicio dos dereitos e deberes constitucionais en condicións de igualdade cos residentes en España, co compromiso dos poderes públicos de adoptar as medidas necesarias para remover os obstáculos que impidan facelos reais e efectivos.

Neste sentido, deuse un primeiro paso coa aprobación da Lei 3/2005, do 18 de marzo, pola que se lles recoñece unha prestación económica aos cidadáns de orixe española desprazados ao estranxeiro durante a súa minoría de idade, como consecuencia da Guerra Civil, e que desenvolveron a maior parte da súa vida fóra do territorio

nacional. Esta norma, por unha parte, supuxo un recoñecemento histórico; e por outra, dotou de protección económica e asistencia sanitaria un colectivo concreto de españois: os denominados «Nenos da Guerra».

2. O Estatuto da cidadanía española no exterior constitúe o marco básico para establecer o deber de cooperación entre o Estado e as comunidades autónomas, así como os mecanismos necesarios para a coordinación das súas actuacións, en colaboración coa Administración local, cos axentes sociais e coas organizacións e asociacións de emigrantes, exiliados e retornados.

3. Por outra parte, en cumprimento do artigo 42 da Constitución, faise preciso establecer unha política integral de emigración e de retorno para salvagardar os dereitos económicos e sociais dos emigrantes, dos exiliados e dos descendentes de ambos, e para facilitar a integración social e laboral dos retornados, cuxa regulación básica se establece neste estatuto.

4. Neste sentido, o estatuto configura, en materia de retorno, o marco de cooperación das administracións públicas que permita coordinar as súas actuacións para un mellor e máis eficaz aproveitamento dos recursos públicos, garantindo o regreso a España nas condicións máis favorables.

5. O Estatuto pretende dar resposta ás reiteradas demandas realizadas desde os distintos sectores da emigración, do exilio e do retorno. Por isto, no proceso da súa elaboración valoráronse especialmente as achegas e propostas efectuadas por representantes do mundo da emigración, tanto dos membros do Consello Xeral da Emigración, como dos representantes das organizacións e asociacións de emigrantes e exiliados no exterior e de retornados.

6. A participación das asociacións na confección do Estatuto, así como a preceptiva consulta ao Consello Xeral da Emigración, dotan o Estatuto da lexitimidade necesaria nunha norma destas características, garantindo a súa adecuación ás necesidades actuais de todos os españois que se encontran fóra do noso territorio, así como aos que decidiron regresar e precisan unha atención específica.

7. Na actualidade os movementos migratorios, tendo en conta, por un lado, o exercicio do dereito á libre circulación no contexto da Unión Europea, e por outro, a globalización da economía, alcanzaron unha dimensión e unha significación distinta. Nos países desenvolvidos, nos cales o Estado satisfai as necesidades básicas da súa cidadanía, o desprazamento a outro país responde a motivacións de distinta índole que perseguen ampliar as expectativas persoais e profesionais ou mellorar a calidade de vida, como é o caso dos funcionarios públicos e traballadores ao servizo da Administración española no exterior, os cooperantes e os traballadores e profesionais das empresas españolas destinados temporalmente ao estranxeiro. Por isto, o ámbito subxectivo de aplicación do Estatuto engloba todos os españois no exterior, tanto os emigrantes e exiliados, como os desprazados e os familiares de ambos.

España debe considerar a súa comunidade emigrante como un auténtico capital social: o seu compromiso coa súa terra de orixe convértea nun recurso fundamental para a proxección de España no exterior. Parte fundamental deste capital social está composto por miles de españois non nados en España que residen por todo o mundo, eles tamén son parte do presente do noso país e debemos consideralos actores imprescindibles na construción do futuro.

Un dos fenómenos que máis enriquecen a moitos dos centros de emigrantes españois é a participación activa de cidadáns non españois no seu desenvolvemento social e cultural. É conveniente que os poderes públicos recoñezan esta realidade e que a fomenten.

A aplicación da cláusula de Estado social consagrada pola Constitución de 1978 debe estenderse a todos os españois, tamén a aqueles que polas súas circunstancias vitais tiveron que vivir fóra do territorio nacional. Esta lei non só proclama por primeira vez a relación de dereitos sociais e o catálogo de prestacións que o Estado lles debe garantir aos emigrantes, senón tamén que estes terán o mesmo contido e alcance que os que desfrutan os españois residentes no territorio nacional.

III

1. O Estatuto dítase ao abeiro do artigo 149.1.2.^a da Constitución española de 1978 que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de emigración.

2. O Estatuto comprende catro títulos, dúas disposicións adicionais, unha disposición derogatoria e catro disposicións derradeiras.

3. O título preliminar determina o obxecto e a finalidade do Estatuto. O Estatuto configúrase como o marco xurídico que lle garante á cidadanía española residente no exterior o exercicio dos seus dereitos e deberes constitucionais en termos de igualdade cos españois residentes en España. Ademais, o Estatuto ten como finalidade delimitar as liñas básicas da acción protectora do Estado dirixida aos españois residentes no exterior e fixar o marco de cooperación e coordinación entre o Estado e as comunidades autónomas neste sentido.

O ámbito subxectivo de aplicación da lei recolle a actual situación do movemento migratorio e do retorno, superando o tradicional concepto de emigración recollido na Lei 33/1971, do 21 de xullo.

En último lugar, o título preliminar relaciona unha serie de obxectivos encamiñado a garantir o exercicio dos dereitos e deberes dos españois residentes no exterior, en condicións de igualdade cos residentes en España, atender e desenvolver actuacións en materia de retorno e promover e fomentar o movemento asociativo dos españois no exterior e a participación institucional en materia de emigración. Xunto a isto establécense os mecanismos máis adecuados para a cooperación e coordinación das administracións públicas neste sentido.

4. O título I comprende unha relación sistemática de dereitos dos españois que residen no exterior, formulando, pola súa vez, medidas e mecanismos que fagan efectivo o exercicio dos referidos dereitos e a súa materialización en determinadas presentacións. Este título comprende tres capítulos:

a) O capítulo I recolle os dereitos de participación: dereito a ser elector e elixible, asistencia e protección dos españois no exterior, dereito de petición, de acudir ao Defensor do Pobo e de información, dereito á participación en órganos consultivos da emigración, organizacións sindicais e empresariais e dereito de asociación. De entre estes dereitos débese destacar o dereito a ser elector e elixible, así como o dereito á participación e de asociación, que reflicten a vontade de fomentar un asociacionismo integrador e construtivo, impulsando a coordinación de actuacións entre administracións públicas para un mellor e máis eficaz aproveitamento dos recursos públicos. Así mesmo, prevese o establecemento dun censo de asociacións e centros radicados no exterior que conteña a inscrición daqueles que sexan conformes co recoñecemento dos dereitos fundamentais e liberdades que establece a Constitución española. Por outro lado, este capítulo complétase coa prohibición aos poderes públicos de calquera medida que poidan ocasionar discriminación por razón de xénero, así como coa promoción de políticas de igualdade entre mulleres e homes.

b) O capítulo II recolle dereitos sociais e presentacións: dereito á protección da saúde, dereitos en materia de Seguridade Social e prestacións por razón de necesi-

dade, servizos sociais para maiores, accións de información sociolaboral e orientación e participación en programas de formación profesional ocupacional e dereitos en materia de emprego e ocupación. Neste capítulo cabe destacar a redacción sobre o dereito á protección da saúde, que constitúe un obxectivo prioritario na acción exterior do Estado, así como as previsións sobre Seguridade Social e presentacións: efectivamente, trátase de recoller, entre outros aspectos, o compromiso de avanzar na conservación dos dereitos na materia e de perfeccionar os mecanismos de protección existentes, sobre todo para as persoas maiores, incorporando a asistencia sanitaria en sentido amplo (sanitaria, xeriátrica, medicamentos, etc.). Neste sentido, trátase tamén de ter en conta a diferente organización tanto do aseguramento como da prestación de coidados sanitarios nos países onde residen. Por isto introdúcese a prestación por razón de necesidade, como un novo concepto que engloba a pensión asistencial por ancianidade, regulada na súa normativa específica, xunto coa asistencia sanitaria, dado que, á vista da evolución actual destas pensións, se precisa modificar a súa regulación para a súa mellor adaptación ás necesidades reais dos seus potenciais beneficiarios.

Xunto a isto, débese mencionar a necesaria regulación sobre os aspectos relativos ao emprego (información, orientación, formación, etc.), dentro dunha concepción ampla que abrangue todos os españois no exterior e retornados, especialmente aqueles considerados máis vulnerables (mocidade e mulleres con dificultades de inserción laboral).

c) O capítulo III recolle os dereitos relativos á educación e á cultura: dereito á educación, homologación, validación e recoñecemento de títulos e estudos estranxeiros, así como o acceso ás linguas e culturas españolas. Os dereitos que recolle este capítulo constitúen un todo que persegue, en definitiva, manter os vínculos dos españois no exterior con España, tanto para aqueles que residen fóra, como, especialmente, para aqueles que deciden regresar.

Débese sinalar que os dereitos e prestacións que se mencionan estaban nalgunha medida establecidos, aínda que a súa regulación se encontraba en normas dispersas e de rango inferior, polo que con este estatuto se pretende consolidar o seu exercicio, dotándoos dunha dimensión real e efectiva ao se elevar o rango normativo que os ampara.

5. O título II recolle a política integral en materia de retorno. Xa no seu enunciado o termo integral revela a vontade de unificar no sentido de abranguer todos os aspectos relativos ao retorno. Para isto prevese un mecanismo específico: a Oficina Española do Retorno, adscrita ao Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais; esta oficina será a encargada de facilitar, orientar e asesorar os españois que decidan retornar, co obxectivo de materializar a súa efectiva inserción social e laboral en España.

Por outra parte, apúntase a necesidade de abordar as reformas normativas necesarias que promovan e faciliten o acceso aos españois retornados a determinadas presentacións, e de adoptar medidas específicas de fomento do emprego dirixidas ao colectivo de españois retornados que decidan incorporarse ao noso mercado de traballo.

6. Por último, o título III recolle os mecanismos e instrumentos de cooperación, colaboración e coordinación das actuacións das distintas administracións públicas competentes nese ámbito, co fin de garantir a efectividade dos dereitos e deberes que o Estatuto lles recoñece aos españois residentes no exterior e aos retornados a España, esta cooperación persegue a optimización dos recursos públicos para unha eficaz e eficiente utilización de todos os recursos.

Para facilitar estes obxectivos, prevese a constitución dunha comisión no ámbito do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, da cal formarán parte representantes da

Administración xeral do Estado e das comunidades autónomas.

7. Noutra orde de cuestións, a disposición adicional primeira crea o Portal da Cidadanía Española no Exterior, como punto de información integral na internet.

8. Por outra parte, recóllese unha disposición derogatoria única, que derroga expresamente a Lei 33/1971, xeral de emigración, do 21 de xullo, amplamente alterada nos seus fins e obxectivos pola entrada en vigor da Constitución española de 1978 e cuxa vixencia, en moitos aspectos, é puramente testemuñal.

9. Por último, a disposición derradeira primeira, modifica algúns aspectos do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, dado que esta lei derroga a Lei xeral de emigración de 1971 e, en consecuencia, o relativo á competencia en materia de visado de contratos de traballo dos traballadores que se desprazan ao exterior e de ofertas de emprego no exterior.

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e finalidade.*

1. Esta lei establece o marco xurídico e os instrumentos básicos para garantirlle á cidadanía española no exterior o exercicio dos dereitos e deberes constitucionais, en termos de igualdade cos españois residentes no territorio nacional, así como reforzar os vínculos sociais, culturais, económicos e lingüísticos con España e coas súas respectivas nacionalidades e comunidades de orixe.

2. Esta lei ten tamén como finalidade delimitar as liñas básicas da acción protectora do Estado e das comunidades autónomas, para mellorar as condicións de vida dos españois residentes no exterior, naqueles ámbitos en que sexa necesario complementar a protección existente no país de residencia.

3. Esta lei establece, así mesmo, o marco de actuación e as medidas específicas que deberán desenvolver o Estado, e as comunidades autónomas no ámbito das súas respectivas competencias, para facilitar tanto a atención aos españois no exterior, como a integración social e laboral daqueles españois que decidan retornar a España, sen prexuízo do dereito á libre circulación de traballadores.

4. Os obxectivos e finalidades desta lei enténdense, en todo caso, sen prexuízo das competencias que teñan as comunidades autónomas nin das súas leis.

Artigo 2. *Ámbito subxectivo.*

1. Esta lei será de aplicación:

a) Aos que posúan a nacionalidade española e residan fóra do territorio nacional.

b) Á cidadanía española que se desprace temporalmente ao exterior, incluíndo os que o fagan no exercicio do dereito á libre circulación.

c) Aos españois de orixe que retornen a España para fixar a súa residencia, sempre que posúan a nacionalidade española antes do regreso.

d) Aos familiares dos anteriormente mencionados, entendendo por tales o cónxuxe non separado legalmente ou a parella coa que manteña unha unión análoga á conxugal, nos termos que se determinen regulamentariamente, e os descendentes ata o primeiro grao, que teñan a condición de persoas con discapacidade ou sexan menores de 21 anos ou maiores desta idade que estean ao seu cargo e que dependan deles economicamente.

2. O Estado establecerá os requisitos básicos e o procedemento para acreditar a situación de español retornado.

Artigo 3. *Obxectivos.*

Os obxectivos fundamentais desta lei son:

a) Regular os dereitos e deberes dos españois residentes no exterior garantindo o seu exercicio mediante o compromiso dos poderes públicos de promover as condicións para facelos reais e efectivos, en condicións de igualdade cos residentes en España.

b) Delimitar o ámbito da acción protectora do Estado e das comunidades autónomas cando sexa necesario complementar a protección dispensada polos servizos públicos do país de residencia.

c) Establecer, conxuntamente coas comunidades autónomas competentes, o marco de actuación para garantir a promoción educativa e o acceso ás linguas e culturas españolas, tanto dos españois residentes no exterior como dos seus descendentes.

d) Fomentar e consolidar o movemento asociativo dos españois no exterior, apoiando fundamentalmente a creación e o mantemento dos centros e asociacións de españois a través das actividades que nelas desenvolvan, que teñan por obxecto a previsión e a asistencia social e cultural dos seus membros e a información e asesoramento para o retorno, isto sen prexuízo das actuacións que nesas ámbitos sexan desenvolvidas polas comunidades autónomas con competencias nesas materias.

e) Apoiar as asociacións de españois residentes no exterior e as de retornados constituídas en España co fin de facilitar a información, orientación e asesoramento necesarios aos españois que deciden retornar, como labor complementario ao das administracións públicas.

f) Promover e facilitar a participación dos españois residentes no exterior a través dos consellos de residentes españois e do Consello Xeral da Cidadanía Española no Exterior e dos órganos equivalentes existentes nas comunidades autónomas e daqueles outros que se poidan crear no futuro.

g) Configurar conxuntamente coas comunidades autónomas, o marco en que se deberán desenvolver as actuacións en materia de retorno para facilitar a integración social, cultural e laboral dos españois que decidan regresar a España.

h) Velar xunto coas comunidades autónomas pola protección dos dereitos dos desprazados ou expatriados no exterior.

i) Establecer xunto coas comunidades autónomas e, se é o caso, coas administracións locais, os mecanismos adecuados para a coordinación das actuacións desenvolvidas polas distintas administracións públicas, nos seus respectivos ámbitos de competencias, co fin de lograr unha maior eficiencia e eficacia na aplicación dos recursos públicos destinados a mellorar as condicións de vida dos españois no exterior e dos retornados.

j) Velar especialmente por estender a acción protectora a aqueles españois no exterior que carezan de recursos suficientes e que sexan persoas maiores, persoas con discapacidade, mozos ou mulleres con especiais dificultades de integración social ou laboral ou españois desprazados durante a súa minoría de idade, fóra do territorio nacional, como consecuencia da Guerra Civil española, no período 1936-1939, así como aos que sexan obxecto de ataques ou ameazas terroristas no exterior.

TÍTULO I

Dereitos e presentacións

CAPÍTULO I

Dereitos de participación

Artigo 4. *Dereito a ser elector e elixible.*

1. Os españois que residen no exterior teñen dereito a ser electores e elixibles, en todos e cada un dos comicios, nas mesmas condicións que a cidadanía residente no Estado español, nos termos previstos na normativa de aplicación.

2. O Estado fomentará os tratados internacionais oportunos para que os residentes españois no exterior vexan recoñecido o dereito a ser elector e elixible nas eleccións municipais do seu lugar de residencia, baixo os criterios de reciprocidade que se establezan neses tratados ou na lei. No ámbito da Unión Europea o Estado adoptará as iniciativas necesarias para que en ningún país se limiten ou restrinxan estes dereitos.

3. O Estado promoverá as medidas necesarias para facilitar a incorporación da cidadanía española no exterior nas listas electorais dos partidos políticos, con transparencia e publicidade das distintas opcións políticas.

4. A Administración xeral do Estado arbitrará os mecanismos precisos para asegurar a permanente actualización do censo dos electores residentes no exterior, actualizando o Censo de Cidadáns Españóis no Exterior. Para estes efectos, potenciaranse os medios dispoñibles nos consulados para atender as funcións que lles asigna a normativa electoral como colaboradores da Oficina do Censo Electoral.

5. Para facilitar o exercicio do dereito de voto dos españois residentes no exterior, promoveranse as medidas legais tendentes a homoxeneizar os procedementos electorais para a cidadanía española no exterior e habilitaranse os medios materiais, técnicos e humanos precisos que posibiliten a votación en urna ou a través doutro medio técnico que garanta o segredo do voto e a identidade do votante, en eleccións xerais, europeas e autonómicas, nas demarcacións consulares, tendo en conta as características dos países de residencia e o número e distribución de españois residentes no país de que se trate.

6. Para garantir a concorrencia electoral en igualdade de todos os partidos políticos, listas electorais e coalicións, facilitarase información actualizada por parte do Estado, así como o acceso aos medios públicos de comunicación con proxección no exterior.

Artigo 5. *Asistencia e protección dos españois no exterior.*

Os poderes públicos, no ámbito das súas competencias, establecerán as medidas para que as oficinas consulares, consellerías de Traballo e Asuntos Sociais e demais dependencias da Administración española no exterior contén cos medios persoais, materiais e técnicos precisos para prestar a debida asistencia, protección e asesoramento á cidadanía española no exterior.

A Administración xeral do Estado e a das comunidades autónomas, no ámbito das súas respectivas competencias, prestarán especial atención a aqueles que se encontren en situacións de necesidade e aos privados de liberdade, fundamentalmente aos condenados á pena capital ou cadea perpetua, así como á cidadanía española que fose vítima de delitos de lesa humanidade en procesos de represión política.

O Estado fomentará a adopción de medidas encamiñadas a reforzar a tutela xudicial dos españois no exterior,

impulsando a sinatura de tratados ou convenios en materias como recoñecemento de sentenzas e defensa dos penados.

Regulamentariamente, determinaranse os supostos en que a cidadanía española residente no exterior que careza de recursos económicos poderá acceder á asistencia xurídica gratuita cando este beneficio non exista no país de residencia.

Artigo 6. *Dereito de petición.*

Os españois residentes no exterior poden exercer o dereito de petición, individual ou colectivamente, ante calquera institución pública, administración ou autoridade, así como ante os órganos de dirección e administración dos organismos e entidades vinculadas ou dependentes das administracións públicas españolas, nos termos establecidos na Lei orgánica 4/2001, do 12 de novembro, reguladora do dereito de petición.

Artigo 7. *Dereito a acudir ao Defensor do Pobo.*

Os españois residentes no exterior poden dirixirse ao Defensor do Pobo ou aos órganos equivalentes das comunidades autónomas invocando un interese lexítimo, nas mesmas condicións que os residentes en España.

Artigo 8. *Dereito de información.*

Os españois no estranxeiro teñen dereito a obter información sobre o conxunto das leis e demais normas que conforman o ordenamento xurídico español e, especialmente, sobre aquelas que afecten os seus dereitos e intereses lexítimos, para o que a Administración pública española contará coas novas tecnoloxías, potenciando a súa utilización en relación coa cidadanía española no exterior.

Igualmente, teñen dereito a coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos en que sexan interesados, así como calquera outro dereito que como cidadán, nas súas relacións coas administracións públicas, estea previsto na normativa.

Artigo 9. *Dereito á participación nos órganos consultivos da emigración.*

1. Os españois residentes no exterior teñen dereito a participar nos asuntos que lles concirnan a través dos consellos de residentes españois e do Consello Xeral da Cidadanía Española no Exterior ou dos órganos equivalentes das comunidades autónomas. Así mesmo, teñen dereito a participar en igualdade de condicións co resto dos españois nos órganos existentes nas administracións públicas, de acordo coa lexislación aplicable.

2. Os españois residentes no exterior poderán ser electores e elixibles para os órganos citados no punto anterior, tendo en conta o establecido nas normas que regulan estes órganos e, no non previsto por estas, polo establecido no título primeiro, capítulos I e II, da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral.

Artigo 10. *Consello Xeral da Emigración.*

1. O Consello Xeral da Emigración é un órgano de carácter consultivo e asesor, adscrito ao Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, a través da Dirección Xeral de Emigración, cuxa elección, composición e réxime de funcionamento se regularán regulamentariamente. Este regulamento deberá garantir a representación de todas as comunidades autónomas e cidades autónomas que o desexen e das federacións de asociacións da emigración que acrediten a representatividade necesaria nos termos que se establezan e estean debidamente inscritas no censo previsto nesta lei.

2. O Consello Xeral da Cidadanía Española no Exterior solicitará anualmente audiencia ás comisións competentes das Cortes Xerais para informar sobre a situación da cidadanía española no exterior.

O Consello Xeral da Cidadanía Española no Exterior abrirá canles de colaboración cos órganos de participación de españois no exterior existentes nas comunidades autónomas.

3. A Administración xeral do Estado proverá cos medios adecuados ao Consello Xeral da Cidadanía Española no Exterior para que este poida levar a cabo as funcións asignadas.

Artigo 11. *Atribucións do Consello Xeral da Cidadanía Española no Exterior.*

1. Son atribucións do Consello Xeral da Cidadanía Española no Exterior as seguintes:

a) Levar a cabo ou solicitar a realización de estudos sobre cuestións e problemas que afecten a cidadanía española no exterior.

b) Formular propostas e recomendacións en relación cos obxectivos e aplicación dos principios inspiradores da política de atención á cidadanía española no exterior.

c) Ser informado da actuación dos órganos da Administración competentes en materia de atención á cidadanía española no exterior e retornados.

d) Coñecer e emitir informe, con carácter previo, sobre anteproxectos de lei e proxectos de reais decretos e de ordes relativos ás seguintes materias, no ámbito da súa competencia: dereitos civís, dereitos laborais e protección social, educativa e cultural, sempre que afecten directamente os españois no exterior.

e) Aprobar o regulamento de funcionamento do propio Consello.

2. As propostas, recomendacións, informes ou acordos que o Consello eleve ao Goberno serán remitidos a través do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

Artigo 12. *Consellos de residentes españois.*

Os consellos de residentes españois son órganos de carácter consultivo e asesor, adscritos ás oficinas consulares de España no exterior, cuxa composición, elección e réxime de funcionamento se regularán regulamentariamente.

Artigo 13. *Funcións dos consellos de residentes españois.*

Os consellos de residentes españois teñen as seguintes funcións:

a) Ser canle de comunicación entre as comunidades de españois no exterior e as correspondentes oficinas consulares.

b) Debater e propoñerlles ás oficinas consulares as medidas relacionadas coa súa función consular que contribúan a melloralas no ámbito da súa circunscrición.

c) Asesorar e informar a Oficina Consular nos asuntos que afecten a comunidade española.

d) Difundir entre a comunidade española as medidas adoptadas polas administracións públicas naqueles temas que afecten os españois residentes na circunscrición.

e) Cooperar coa Oficina Consular ou con outras institucións españolas ou locais para dar maior carácter institucional a aquelas actividades que se desenvolvan en beneficio dos españois.

f) Colaborar coa Oficina Consular nos procesos electorais dos propios consellos de residentes españois.

g) Participar, na forma en que regulamentariamente se estableza, no procedemento de concesión de axudas e subvencións establecidas a favor dos españois no exterior.

Artigo 14. *Organizacións sindicais e empresariais.*

1. Os sindicatos e organizacións empresariais participarán naquelas materias que afecten a representación e defensa dos intereses dos emigrantes e retornados.

2. Os sindicatos e as organizacións empresariais participarán nos órganos de representación da emigración na forma que regulamentariamente se determine.

Artigo 15. *Dereito de asociación.*

1. Os poderes públicos, no marco do artigo 105 da Constitución española, apoiarán o movemento asociativo dos españois no exterior e retornados en España, fomentando especialmente aqueles centros e asociacións que teñan por obxecto a promoción sociocultural, así como as súas estruturas federativas.

Para garantir a continuidade do movemento asociativo fomentárase a participación activa da mocidade nas organizacións e asociacións de españois no exterior e retornados.

2. As administracións públicas coordinarán as súas actuacións co fin de lograr un mellor e máis eficaz aproveitamento dos recursos públicos, favorecendo ademais a agrupación dos centros e asociacións a través de federacións. Para iso efectuaranse as oportunas avaliacións daqueles programas ou actividades subvencionados con fondos públicos.

3. Apoiaranse, igualmente, as asociacións de españois retornados en España, cuxa finalidade sexa a información, asesoramento e orientación ao retorno e ás súas federacións, así como aquelas iniciativas que o colectivo de emigrantes retornados estime necesarias para a súa integración e inserción laboral.

4. Regulamentariamente establecerase un censo de asociacións e centros constituídos no exterior en que se inscribirán aquelas que sexan conformes co recoñecemento dos dereitos fundamentais e liberdades que recolle a Constitución española. Todo isto se entenderá sen prexuízo dos rexistros creados polas comunidades autónomas, en exercicio das súas competencias, para o control e seguimento dos seus centros no exterior e daqueles outros que se puidesen crear no futuro.

5. Para garantir a continuidade do movemento asociativo, os poderes públicos fomentarán nas organizacións, centros e asociacións de españois no exterior e de retornados:

a) A participación de novos socios de nacionalidade española.

b) En especial, a participación activa da mocidade de nacionalidade española.

c) A participación de persoas doutras nacionalidades.

Artigo 16. *Igualdade de xénero.*

Os poderes públicos evitarán calquera discriminación por razón de xénero en relación con todas as políticas e actividades recollidas nesta lei.

Para iso, garantírase a non-discriminación por razón de xénero no acceso aos dereitos e presentacións, así como na participación no ámbito asociativo, nos órganos de representación institucional e nos demais órganos que a norma establece, tendo en conta a lexislación vixente en materia de igualdade de xénero.

CAPÍTULO II

Dereitos sociais e presentacións

Artigo 17. *Dereito á protección da saúde.*

1. Os españois residentes no exterior terán dereito á protección á saúde nos termos en que regulamentariamente se estableza que, en todo caso, terá por finalidade a equiparación coas prestacións do Sistema Nacional de Saúde.

2. O Estado promoverá unha atención integral da saúde, atendendo con carácter prioritario aos maiores e dependentes, que carezan de recursos suficientes. O contido e alcance desta atención desenvolverase regulamentariamente e tenderá á súa equiparación coa que se lles proporciona aos maiores e dependentes que viven en España.

Para tal efecto, o Estado poderá subscribir convenios preferentemente coas entidades públicas aseguradoras ou prestadoras de cuidados de saúde dos países onde sexa necesario garantir a efectividade do dereito á protección da saúde. Se é o caso, poderá subscribir tamén convenios con entidades aseguradoras ou prestadoras privadas, tendo especial consideración coas entidades ou institucións españolas no exterior con capacidade para prestar a atención sanitaria.

Artigo 18. *Dereitos en materia da seguridade social.*

1. O Estado adoptará as medidas necesarias para que a acción protectora da Seguridade Social se estenda aos españois que se trasladen ao exterior por causas de traballo e aos seus familiares nos termos establecidos na lexislación aplicable.

A tal fin, o Estado proverá canto fose necesario para garantirlles aos traballadores españois no exterior, en materia de Seguridade Social, a igualdade ou asimilación cos nacionais do país de recepción, o mantemento de dereitos adquiridos e a conservación de dereitos en curso de adquisición, mediante a subscrición de tratados e acordos cos estados receptores, a ratificación de convenios internacionais e a adhesión a convenios multilaterais.

2. O Estado velará pola conservación dos dereitos en materia de seguridade social dos españois residentes no exterior a través de convenios, tratados ou acordos de Seguridade Social en materia de seguridade social e así mesmo o Estado deberá establecer fórmulas que lles permitan aos traballadores que residan no exterior e aos que decidan retornar o aboamento das cotizacións voluntarias ao sistema de Seguridade Social.

3. A Administración xeral do Estado arbitrará as fórmulas máis beneficiosas para o recoñecemento aos traballadores españois no exterior das prestacións económicas, derivadas das cotizacións á Seguridade Social e, en especial ás pensións derivadas do extinto seguro obrigatorio de velez e invalidez.

Artigo 19. *Prestacións por razóns de necesidade.*

1. A Administración xeral do Estado, nos termos en que regulamentariamente se estableza, garantirá o dereito a percibir unha prestación aos españois residentes no exterior que, téndose trasladado ao exterior por razóns laborais, económicas ou calquera outra e tendo cumpridos 65 anos de idade ou estando incapacitados para o traballo, se encontren nunha situación de necesidade por carecer de rendas ou ingresos suficientes para cubrir as súas necesidades básicas, de acordo coa realidade socioeconómica do país de residencia.

Estas prestacións poderán ser compatibles coas axudas que outorguen as comunidades autónomas para a axuda ao retorno de acordo coa lexislación aplicable.

O Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais fixará anualmente a base de cálculo da prestación por razón de necesidade, que só se poderá revisar cando as oscilacións do tipo de cambio entre o euro e a respectiva moeda local supere o 15 por cento.

2. O Estado velará pola conservación dos dereitos en materia de seguridade social dos españois residentes no exterior, a través dos pertinentes convenios, tratados ou acordos na dita materia. Así mesmo, o Estado deberá establecer fórmulas que lles permitan aos traballadores que residan no exterior e aos que se decidan a retornar o aboamento das cotizacións voluntarias ao sistema de Seguridade Social.

3. A Administración xeral do Estado regulará os mecanismos que permitan incorporar á prestación, a asistencia integral da saúde e os servizos sociais para mellorar a calidade de vida dos maiores ou incapacitados para o traballo. O Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais establecerá regulamentariamente o procedemento de financiamento, sen que poida ser repercutida sobre a citada prestación a totalidade do custo da dita asistencia.

Artigo 20. *Servizos sociais para maiores e dependentes.*

1. Co fin de promover o benestar dos españois maiores que residen no exterior, os poderes públicos adoptarán as medidas necesarias para potenciar a rede de servizos sociais, fomentando, así mesmo, a realización de actividades encamiñadas á consecución do seu benestar integral.

2. Os poderes públicos prestarán especial apoio, en particular económico, a aqueles centros e asociacións de españois no exterior e retornados no Estado español que contén con infraestruturas adecuadas para a atención de persoas maiores ou en situación de dependencia. Incentivaranse as redes que xeren un mellor aproveitamento dos recursos públicos.

3. Os poderes públicos, no marco da regulación da atención á dependencia, desenvolverán medidas específicas, especialmente de carácter asistencial, sanitario e farmacéutico, encamiñadas á consecución do benestar integral da cidadanía española no exterior en situación de necesidade, para alcanzar a gradual asimilación ás prestacións vixentes do sistema para a autonomía e atención á dependencia, conforme o que dispoña a lexislación vixente.

Artigo 21. *Accións de información sociolaboral e orientación e participación en programas de formación profesional ocupacional.*

1. A Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas promoverán o desenvolvemento de accións de información, orientación e asesoramento no exterior, a través da rede de consulados, embaixadas, centros estatais e autonómicos no mundo, asociacións e medios de comunicación encamiñadas a facilitar a inserción sociolaboral dos españois residentes no exterior, a través dos correspondentes programas de axudas ou de convenios con entidades públicas ou privadas.

2. Os servizos públicos de emprego fomentarán a participación dos españois residentes no exterior e dos retornados en programas de formación profesional, co fin de facilitar a súa incorporación ao mercado laboral ou de mellorar a súa capacitación profesional.

3. A Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas poderán promover accións concretas ou establecer acordos con organismos públicos ou privados dos respectivos países para facilitar a incorporación ao mercado laboral da mocidade e das mulleres con especiais dificultades de inserción laboral, así como persoas con discapacidade.

Artigo 22. *Dereitos en materia de emprego e ocupación.*

1. O Estado promoverá, a través do Sistema Nacional de Emprego, o acceso á información que lles permita aos españois demandantes de emprego residentes no exterior e aos retornados, a busca de emprego e a mellora das súas posibilidades de ocupación sen prexuízo da información que, para os mesmos efectos, sexa subministrada polas axencias autonómicas de emprego e ocupación.

2. O Estado velará polas condicións do desprazamento de profesionais e traballadores españois por empresas radicadas no exterior e facilitará a contratación de traballadores españois residentes no exterior.

3. O Goberno poderá establecer visados de busca de emprego dirixidos aos fillos ou netos de españois de orixe, conforme a lexislación específica de aplicación. Estes visados terán un tratamento preferencial.

CAPÍTULO III

Dereitos relativos á educación e á cultura

Artigo 23. *Dereito á educación.*

1. A Administración xeral do Estado e as administracións autonómicas, co fin de que os españois residentes no exterior contén cunha adecuada atención educativa, promoverán medidas que favorezan o seu acceso á educación nos seus distintos niveis no seu país de residencia a través dos medios que se coiden adecuados.

2. Ademais, coa finalidade de facilitar o acceso ao sistema educativo español, os poderes públicos fomentarán a existencia de centros educativos públicos no exterior mediante convenios. Fomentárase a realización de estudos universitarios en España mediante a concesión de bolsas ou a subscrición de convenios de colaboración con universidades españolas.

3. O Estado promoverá, igualmente, o acceso ás universidades non presenciais ou a distancia fomentando o emprego das novas tecnoloxías.

4. O Estado recoñecerá o dereito á participación dos profesores, pais e alumnos no control e na xestión dos centros educativos españois no exterior, nos termos que recoñeza a lexislación española.

Artigo 24. *Homologación, validación e recoñecemento de títulos e estudos estranxeiros.*

O Estado deberá adoptar as medidas necesarias para a simplificación e axilización dos procedementos de homologación, validación e recoñecemento de títulos e estudos estranxeiros, co fin de facilitar a continuidade dos estudos en España e, se é o caso, a inserción no mercado de traballo, de acordo coa normativa aplicable.

Artigo 25. *Linguas e culturas españolas.*

1. O Estado arbitrará os mecanismos necesarios para facilitar aos descendentes de españois residentes no exterior o coñecemento do castelán e poderá adoptar, en colaboración coas comunidades autónomas, as medidas precisas para favorecer o coñecemento das súas linguas cooficiais.

Para tal fin, estableceranse os requisitos máis beneficiosos de acceso e funcionamento destes programas para garantir a súa continuidade e adaptalos ás circunstancias específicas de cada país, e propiciaranse os acordos bilaterais ou multilaterais con estes países co fin de facilitar o funcionamento de tales programas.

O Estado garantiralles a nenos e adultos españois con discapacidade un ensino da lingua e cultura españolas debidamente adaptada.

2. Os poderes públicos promoverán a divulgación e o coñecemento tanto da diversidade cultural española como do patrimonio cultural común. Para iso contarase cos medios de comunicación audiovisual públicos e mediante o apoio aos medios privados, tendo en conta a súa vocación exterior e fomentando o seu nivel de calidade. Para este fin, contarase coa colaboración das asociacións de españois no exterior.

TÍTULO II

Política integral en materia de retorno

Artigo 26. *Finalidades da política de retorno.*

1. O Estado, en colaboración coas comunidades autónomas e as corporacións locais, promoverá unha política integral para facilitar o retorno dos españois de orixe residentes no exterior.

Para tal fin, os poderes públicos, para un eficaz e eficiente aproveitamento dos recursos públicos, coordinarán as súas actuacións para que a integración social e laboral dos españois que retornen se realice nas condicións máis favorables.

2. Os poderes públicos adoptarán as medidas necesarias para remover os obstáculos que dificulten aos españois retornados o acceso ás prestacións ou beneficios sociais existentes, nas mesmas condicións que os españois residentes en España.

O Estado, en colaboración coas comunidades autónomas, as corporacións locais e as asociacións de emigrantes retornados, promoverá unha política integral para facilitar o retorno dos españois de orixe residentes no exterior.

3. Os poderes públicos desenvolverán medidas dirixidas a facilitar a protección e o retorno das españolas residentes no exterior, e, se é o caso, os seus fillos, vítimas de situacións de violencia de xénero cando o país de residencia non ampare de maneira suficiente as vítimas destes delitos.

4. Os poderes públicos promoverán o acceso á vivenda dos emigrantes retornados, tendo en conta as necesidades específicas deste colectivo, a través das administracións competentes e en colaboración coas asociacións de retornados.

Artigo 27. *Oficina Española do Retorno.*

1. A Administración xeral do Estado creará a Oficina Española do Retorno, adscrita ao Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, para facilitar a orientación e o asesoramento aos españois que decidan retornar, a cuxo fin se establecerán os medios e recursos materiais e tecnolóxicos necesarios para integrar toda a información relativa ás normas, procedementos administrativos e medidas de apoio existentes en materia de retorno, e todo isto sen prexuízo daqueles dereitos ou actuacións que estean recoñecidos polas leis ou actuacións sobre o retorno en vigor nas distintas comunidades autónomas.

2. A Administración xeral do Estado poderá subscribir convenios ou acordos con entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro con obxecto de facilitar os trámites que deban realizar os españois para retornar a España, tendo en especial consideración as asociacións de emigrantes retornados.

3. A Administración xeral do Estado no exterior contará coa dotación necesaria de medios humanos, materiais e técnicos, para facilitaralles aos españois a planificación do seu retorno a España, tendo en especial consideración a rede asociativa no exterior e as asociacións de retornados en España.

4. Así mesmo, as comunidades autónomas e as corporacións locais poderán crear nos seus respectivos territorios entes ou axencias equivalentes aos previstos no parágrafo anterior; neste caso as administracións afectadas intercambiarán a información que resulte pertinente para eses efectos.

Artigo 28. *Fomento do emprego.*

O Estado e as comunidades autónomas promoverán o desenvolvemento dun servizo específico, que planifique accións de información, orientación e asesoramento encamiñadas a facilitar a inserción social e laboral dos españois retornados, a través dos correspondentes programas de axudas ou de convenios con entidades públicas ou privadas que terá como obxectivo a súa inserción no mercado de traballo apoiando moi especialmente as iniciativas de inserción laboral, proxectos de emprego e autoocupación que promoverán as asociacións de emigrantes retornados.

Para tal efecto, no marco da política de emprego, o Plan Nacional de Reformas, poderá considerar colectivo prioritario de actuación os retornados e os seus familiares, co fin de potenciar as súas posibilidades de encontrar emprego e mellora da súa ocupabilidade.

Neste sentido, levaranse a cabo especialmente, as reformas necesarias para simplificar os trámites relativos á homologación de titulacións académicas e profesionais e dos permisos de conducir, así como o acceso ás ofertas de emprego do Sistema Nacional de Emprego e dos Servizos Europeos de Emprego e a posibilidade de inscribirse como demandante de emprego.

TÍTULO III

Relacións entre as administracións públicas

Artigo 29. *Cooperación entre as administracións públicas.*

1. O Estado e as comunidades autónomas deberán cooperar para garantir a efectividade dos dereitos e deberes que esta lei lles reconece aos españois no exterior e aos retornados a España.

Para tal fin, os poderes públicos prestarán asistencia para mellorar a eficacia e eficiencia das súas actuacións no ámbito da protección dos españois no exterior e, especialmente, na atención aos españois que retornan a España, intercambiando a información precisa para unha mellor coordinación das respectivas actuacións, debendo garantirse en todo caso, as competencias que teña atribuída cada Administración pública de conformidade co sistema de distribución competencial vixente.

2. No ámbito do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais constituirase unha comisión, como órgano de cooperación multilateral, de ámbito sectorial, da cal formarán parte representantes da Administración xeral do Estado e das comunidades autónomas e na cal poderán participar representantes da Administración local cando se traten temas que afecten o ámbito das súas competencias.

Artigo 30. *Convenios de colaboración entre o Estado e as comunidades autónomas.*

1. A Administración xeral do Estado poderá subscribir convenios de colaboración cos órganos correspondentes das administracións das comunidades autónomas no ámbito das súas respectivas competencias e, particularmente, no relativo ao retorno, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As administracións públicas poderán acordar a realización de plans e programas conxuntos en materias de competencia concorrente.

Artigo 31. *Coordinación das actuacións dos poderes públicos.*

Co fin de conseguir a complementariedade das actuacións e evitar a duplicidade dos programas e medidas de apoio a favor dos españois residentes no exterior e dos retornados, os poderes públicos impulsarán o establecemento de mecanismos de coordinación entre as distintas administracións públicas competentes.

Disposición adicional primeira. *Portal da Cidadanía Española no Exterior.*

O Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais creará o Portal da Cidadanía Española no Exterior, como punto de información integral na internet.

Co fin de manter actualizada a información que se ofrece no portal, as administracións públicas coordinarán puntualmente co Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais toda a información relevante nesta materia.

Disposición adicional segunda. *Adquisición da nacionalidade española polos descendentes de españois.*

O Goberno, no prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, promoverá unha regulación do acceso á nacionalidade dos descendentes de españois e españolas que estableza as condicións para que poidan optar pola nacionalidade española, sempre que o seu pai ou nai fose español de orixe, con independencia do lugar e da data de nacemento de calquera deles.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Derrógase a Lei 33/1971, do 21 de xullo, de emigración e todas aquelas normas que contradigan o establecido nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.*

Un. Modifícase o punto 4 do artigo 2, do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, que quedará redactado da seguinte forma:

«Os transportistas, axentes consignatarios, representantes, traballadores e, en xeral, as persoas físicas ou xurídicas que interveñan en movementos migratorios.»

Dous. Modifícase a rúbrica do capítulo IV do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde

social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, que quedará denominado:

«Infraccións en materia de movementos migratorios e traballo de estranxeiros.»

Tres. Modifícase a rúbrica da sección 1.^a do capítulo IV e os seus artigos 33, 34, 35 e 36 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, dándolles a seguinte redacción:

«SECCIÓN 1.^a INFRACCIÓNS EN MATERIA DE MOVEMENTOS MIGRATORIOS

Artigo 33. *Concepto.*

Son infraccións en materia de movementos migratorios laborais as accións ou omisións dos suxeitos a que se refire o artigo 2.4 tipificadas e sancionadas de conformidade con esta lei.

Artigo 34. *Infraccións leves.*

Constitúe infracción leve a modificación das condicións da oferta de traballo para desprazarse ao exterior, se non causa prexuízo grave para o traballador.

Artigo 35. *Infraccións graves.*

Son infraccións graves:

1. A modificación das condicións da oferta de traballo para desprazarse ao exterior, se causa prexuízo grave para o traballador.

2. A ocultación, falsificación ou rectificación de cláusulas substanciais dun contrato de traballo para desprazarse ao exterior.

3. O desprazamento do traballador ao país de acollida sen a documentación necesaria ou a retención inxustificada pola empresa da dita documentación.

4. A contratación de mariños españois por conta de empresas armadoras estranxeiras realizada por persoas ou entidades non autorizadas pola autoridade laboral para realizar ese cometido.

Artigo 36. *Infraccións moi graves.*

Son infraccións moi graves:

1. O establecemento de calquera tipo de axencias de recrutamento.

2. A simulación ou engano na contratación dos traballadores que se desprazan ao exterior.

3. O abandono de traballadores desprazados por parte do empresario contratante ou dos seus representantes autorizados.

4. O cobramento aos traballadores de comisión ou prezo pola súa contratación.

5. A obtención fraudulenta de axudas aos movementos migratorios, xa sexan individuais ou de reagrupamento familiar, ou a non-aplicación ou aplicación indebida das ditas axudas.»

Catro. Modifícase o primeiro parágrafo do punto 1 do artigo 40 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, que terá a seguinte redacción:

1. «As infraccións en materia de relacións laborais e emprego, en materia de Seguridade Social, sen prexuízo do disposto no punto 3 seguinte, en materia de movementos migratorios e traballo de

estranxeiros, así como as infraccións por obstrución sancionaranse».

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro do artigo 149.1. 2.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de emigración.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación normativa.*

Autorízase o Goberno para que, no ámbito de competencias do Estado, dite cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento desta lei.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 14 de decembro de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO